

Limiar

Este libro que hoxe presentamos á sociedade é froito do legado-vital, que o noso autor Don Manuel-Oreste Rodríguez López, nos deixou pautado, primeiro coa súa obra e logo coa vontade de seguir a traballar en exclusiva pola “cultura”. Para aqueles que teñan a necesidade de expoñer o seu sentir e as súas inquedanzas literarias, dispoñen así, dunha canle máis onde acudir.

Un total de mil duascenas sesenta e nove obras, participan na XXVI Edición do certame, resaltando o grao de compromiso e contribución co eido cultural, que se acredita ano tras ano, sendo a sinerxia acadada, que beneficia e estimula esta creación literaria.

A obra no seu conxunto que ten o lector nas súas mans, abrangue categorías como as de Poesía, Narrativa e a modalidade do Camiño de Santiago, sendo froito de milleiros de personaxes que falan dende o corazón, resoando entre nós, espertando os nosos sentimentos e invitándonos a que a reflexión brote do noso interior. Cada vez que un abre e se adentra nun libro e coma encontrárase no medio da néboa e paso a paso, páxina tras páxina, avanza descubriendo as sensibilidades que os autores foron desenvolvendo con tensión, o que che permite apreciar con nitidez as mensaxes que queren trasladar.

Quixera agradecer e felicitar a todos os autores que concorreron a este certame, pois é propio darlles o recoñecemento público a súa labor.

É recoñecido por todos, co xurado fixo un traballo encomiable, cun esforzo titánico para acadar uns resultados acreditados no acto do fallo.

Quince autores son os que acadaron neste certame os méritos precisos, nas súas diversas categorías, coa excelencia das súas obras. Tamén quixera destacar os currículos dos mesmos, que acreditan ademais da súa categoría persoal, un amplo abano de recoñecementos públicos as súas traxectorias literarias.

Paradela, outono de 2021

José Manuel Mato Díaz
Alcalde de Paradela.